

Normativa para a concesión dos “Premios Leonardo á docencia” na ETSE

(Modificación aprobada en Xunta de Escola de 4 de marzo de 2011)

A ETSE quere recoñecer o esforzo e a adicación dos profesores á docencia para o cal ten instituídos dente o curso 2006-07 os “Premios Leonardo á docencia”. O obxecto desta normativa e clarexar algúns puntos e modificar algún criterios actuais, tendo en conta a experiencia deste tres anos.

1.- Os Premios Leonardo concédense para recoñecer o esforzo das profesoras e profesores da ETSE na docencia impartida.

2.- Haberá tres tipos de premios: Premio Leonardo á excelencia docente; Premio Leonardo á Docencia e Premio Leonardo á iniciación na docencia.

3.- O criterio de selección baséase nas enquisas de valoración da docencia organizadas pola USC, aplicándose os seguintes criterios:

3.1 Se considerarán como válidas as enquisas con máis de 5 alumnos e que representen máis do 25 % dos matriculados.

3.2 *So serán candidatos ao premio aqueles profesores/as que tiveran impartido docencia igual ou superior a 45 horas ou fosen coordinadores dunha materia da titulación.*

3.3 A valoración dunha profesora ou profesor obterase por media ponderada de tódalas materias impartidas, tendo en conta o número créditos e alumnos na materia. Excluíranse do cómputo as que non cumpran os criterios do punto 3.1.

3.4 *A comparación entre as valoracións do Grao (sobre 7 puntos) e Enxeñarías (sobre 5 puntos) farase aplicando un coeficiente corrector baseado na nota media de todos os enquisados.*

4.- Concederase o premio Leonardo á Docencia a cada un dos tres profesores mellor valorados, segundo o indicado no punto 3, en cada una das titulacións oficiais impartidas na Escola.

5.- Concederase o “Premio Leonardo á iniciación na docencia” á colaboradora ou colaborador docente mellor valorado, segundo o indicado no punto 3, en cada unha das titulacións oficiais impartidas na Escola.

6.- Concederase o “Premio Leonardo á Excelencia Docente” a aqueles profesoras ou profesores que nun período de 5 anos acadaran 3 premios Leonardo á docencia. Nos tres anos seguintes estarían excluído do proceso de selección.



Escola Técnica Superior de Enxeñería

Rua Lope Gomez de Marzoa,s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981563100 ext. 16736 · Fax: 981 528050
Correo electrónico: etsedir@usc.es